REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Día: 15.05.2018 Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 15 de maio de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

1.1 28347 (10/CPC-000048)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, por petición propia, para informar sobre o balance 2015-2017 da Axenda dixital de Galicia 2020
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 285, do 28.03.2018

Punto 2. Preguntas

2.1 28515 (10/POC-004578)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis
Sobre as medidas que está a impulsar a Xunta de Galicia para promover a remuda xeracional no sector da artesanía galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 287, do 04.04.2018

2.2 28868 (10/POC-004628)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre os datos referidos ao expediente de tramitación do proxecto de explotación da mina da Man da Moura, nos concellos de Ribadavia, Carballeda de Avia e Melón
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 289, do 11.04.2018

2.3 28965 (10/POC-004649)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis
Sobre a información e valoración da Xunta de Galicia respecto das intencións da empresa concesionaria da explotación da canteira de Man da Moura de iniciar a súa actividade de extracción de granito, a situación administrativa da concesión, así como a existencia dalgún estudo de impacto ambiental posterior ao ano 1997 e, se é o caso, as súas conclusións, así como a necesidade da súa revisión

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018

2.4 29304 (10/POC-004690)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia dos recursos destinados á I+D+i, a súa valoración en relación coa situación en que se atopa Galicia en relación cos indicadores fixados pola Comisión Europea, así como as súas razóns para deixar sen executar 215 millóns de euros na I+D+i no período 2009-2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 297, do 26.04.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2018

Cristina Isabel Romero Fernández

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Vicepresidenta

Sandra Vázquez Domínguez	P

Secretaria

Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Luca Chao Pérez	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 15.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 28347(10/CPC-000048)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, por petición propia, para informar sobre o balance 2015-2017 da Axenda dixital de Galicia 2020

Publicación da iniciativa, 285, 28.03.2018

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
22 MAR. 2018
Núm. 28347

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
22 MAR. 2018
SAÍDA
Num. 93

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo- da directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para informar sobre **"o balance 2015-2017 da Axenda Dixital de Galicia 2020".**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Presidente do Parlamento de Galicia

Asinado por: GARCÍA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 22/03/2018 09:07:16

DVE: pNEKAsIMm7
Verificación: https://sede.xunta.gal/ove

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 15.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 28515(10/POC-004578)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre as medidas que está a impulsar a Xunta de Galicia para promover a remuda xeracional no sector da artesanía galega

Publicación da iniciativa, 287, 04.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 13:17
Nº Rexistro: 28515
Data envio: 27/03/2018 13:17:54.977

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

O sector da artesanía de Galicia está en auxe con preto de 3000 artesáns rexistrados e máis de 60 tendas e 550 obradoiros, dando emprego a máis de 5000 persoas.

Este sector estase a consolidar como unha vía de dinamización económica e turística especialmente no rural, e nun dos mellores viveiros empresariais de novos creadores o que está a contribuír a impulsar o talento en Galicia.

Tendo en conta o potencial da nosa artesanía para xerar autoemprego, compre seguir potenciando esta actividade para asegurar a súa pervivencia e facilitar o acceso ao mundo laboral das persoas que teñan formación en actuacións relacionadas cos oficios artesanais.

Para favorecer e fomentar as vocacións e a divulgación das técnicas artesanais tense que levar a cabo actuacións para facilitar a remuda xeracional.

Por todo o anterior exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas está a impulsar a Xunta de Galicia para impulsar a remuda xeracional no sector da artesanía galega?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 27/03/2018 13:06:20

Maria Antón Vilasánchez na data 27/03/2018 13:06:31

Moisés Blanco Paradelo na data 27/03/2018 13:06:39

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 13:17
Nº Rexistro: 28515
Data envio: 27/03/2018 13:17:54.977

María Isabel Novo Fariña na data 27/03/2018 13:06:45

Marta Novoa Iglesias na data 27/03/2018 13:06:52

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/03/2018 13:06:59

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/03/2018 13:07:07

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 15.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 28868(10/POC-004628)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os datos referidos ao expediente de tramitación do proxecto de explotación da mina da Man da Moura, nos concellos de Ribadavia, Carballeda de Avia e Melón

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 10:56
Nº Rexistro: 28868
Data envio: 05/04/2018 10:56:26.643

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á situación e garantías do proxecto mineiro previsto nos concellos de Ribadavia, Carballeda de Avia e Melón.

Recentemente foi coñecida pola veciñanza dos concellos ourensáns de Ribadavia, Carballeda de Avia e Melón a comunicación da intención de explotar a concesión mineira da Man da Moura. Trátase dunha concesión do ano 1997 que foi outorgada a empresa Marcelino Martínez S.L. con sede no Porriño. A zona das dúas cuadriculas mineiras baixo o nome de Man da moura é unha zona limítrofe entre varios concellos, concretamente nas parroquias de Barcia (Melón), San Estevo de Novoa (Carballeda de Avia) e no lugar da Franqueira (Ribadavia).

Máis dunha década atrás, o 10 de xullo de 1997 publicábase no Diario Oficial de Galiza a Resolución *do 3 de xuño de 1997, da Dirección Xeral de Industria, pola que se outorgaban dúas concesións de explotación, entre as que estaba Man de Moura número 4553.1 coa seguinte descrición* con expresión do nome, número, cuadrículas mineiras, recurso, termos municipais, data de outorgamento e data de declaración de impacto ambiental (D.I.) *: Man de Moura.-4553.1; 2; sección C; Ribadavia e Carballeda de Avia; 28-4-97; 1-10-97 (D.I.). Así mesmo, indicábase que* as explotacións se axustarían ao cumprimento da declaración de impacto ou de efectos ambientais acordadas pola Comisión Galega de Medio Ambiente.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 10:56
Nº Rexistro: 28868
Data envio: 05/04/2018 10:56:26.643

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con moita posterioridade, con base á a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da Minaría de Galiza e ao desenvolvemento do réxime xurídico das actividades mineiras no noso país, o 30 de xuño de 2010 o Diario Oficial de Galiza publicaba, con base ao sue título IV relativo ao procedemento de outorgamento dos dereitos mineiros, a *Orde do 17 de xuño de 2010 pola que se convocaba concurso público dos terreos francos resultantes da declaración de caducidade de dereitos mineiros correspondentes á provincia de Ourense. Entre eles publicábase a caducidade dos dereitos mineiros referidos á mencionada, coa seguinte descrición: PI; 4553; Man de Moura; granito; 12 cuadrículas;* Carballeda de Avia.

Neste momento, coñecida a través das entidades locais a activación dun proxecto mineiro, existe preocupación entre a veciñanza sobre as posíbeis consecuencias, xa que nesta zona sospéitase da existencia de xacementos arqueolóxicos, como fai intuír a súa toponimia e microtoponimia. Doutra banda, se acudimos á información contida en documentación como o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribadavia podemos ver como queda a unha distancia moi próxima de xacementos si catalogados e da súa área de protección. Máis aínda, témese pola afectación a mananciais así como á produción agrogandeira. Entre as dúbidas existentes, a veciñanza cuestiona se se teñen aplicado requisitos estritos canto á seguridade e a sustentabilidade así como canto á actualización do proxecto e demandan máis información da que teñen recibido.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na comisión 6ª:

Cal é a situación do expediente da Explotación referida como Man da Moura (Carballeda de Avia)?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 10:56
Nº Rexistro: 28868
Data envio: 05/04/2018 10:56:26.643

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A data máis recente de estudo ambiental é a referida de 1997? Existen declaracións e/ou estudos máis recentes? Con que resultados?

Que informes ten recibido neste momento no seu haber a Xunta de Galiza?

Ten solicitados outros informes a maiores? De que tipo e con que estimación de prazos?

Ten solicitado ou desenvolvido estudos específicos a respecto da conservación patrimonial da zona?

Ten recibido a Xunta de Galiza solicitude de información ou audiencia a respecto desta explotación por parte do Concello de Ribadavia? E por parte do Concello de Carballeda? E por parte do Concello de Melón? E por parte dalgunha comunidade de Montes?

Ten constancia a Xunta de Galiza que se teñen desenvolvido todos os trámites legalmente requiridos?

Cales son os requirimentos canto á restauración ambiental? Existe a esixencia dalgún tipo de fianza? Con que contía?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 10:56
Nº Rexistro: 28868
Data envio: 05/04/2018 10:56:26.643

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2018 10:55:09

María Montserrat Prado Cores na data 05/04/2018 10:55:15

Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2018 10:55:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/04/2018 10:55:17

Olalla Rodil Fernández na data 05/04/2018 10:55:19

Xosé Luis Bará Torres na data 05/04/2018 10:55:20

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 15.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 28965(10/POC-004649)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre a información e valoración da Xunta de Galicia respecto das intencións da empresa concesionaria da explotación da canteira de Man da Moura de iniciar a súa actividade de extracción de granito, a situación administrativa da concesión, así como a existencia dalgún estudo de impacto ambiental posterior ao ano 1997 e, se é o caso, as súas conclusións, así como a necesidade da súa revisión

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 17:33
Nº Rexistro: 28965
Data envio: 06/04/2018 17:33:33.381

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Abel Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Existe preocupación entre os veciños e veciñas dos concellos de Melón, Carballeda de Avia e Ribadavia, pola posibilidade de que comece a actividade de extracción de granito na canteira de "Man de Moura", situada no lugar de Franqueirán (Ourense), debido ao anuncio da intención da empresa que ten a concesión para a explotación mineira, de iniciar a súa actividade a través dos trámites cos tres concellos afectados. Un proxecto outorgado no ano 1997 (o 10 de xullo de 1997 publicábase no DOG a Resolución do 3 de xuño de 1997, da Dirección Xeral de Industria, pola que se outorgaban dúas concesións de explotación, entre as que figuraba a de Man de Moura número 4553.1 coa seguinte descrición con expresión do nome, número, cuadrículas mineiras, recurso, termos municipais, data de outorgamento e data de declaración de impacto ambiental (D.I.) : Man de Moura.-4553.1; 2; sección C; Ribadavia e Carballeda de Avia; 28-4-97; 1-10-97 (D.I.)), a pesares de que 21 anos despois, aínda non se puxo en marcha.

A preocupación vén motivada polo obsoleto estudo de impacto ambiental que o ampara, polas afeccións que pode ter nos xacementos arqueolóxicos próximos, e mesmo polos impactos nos manantiais que abastecen de auga ás parroquias de Barcia e Ibia.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten constancia o Goberno galego da intención da empresa que ten a concesión para a explotación mineira de “Man de Moura”, de iniciar a súa actividade?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 17:33
Nº Rexistro: 28965
Data envio: 06/04/2018 17:33:33.381

2. En caso afirmativo, cando tivo coñecemento da mesma e por que medio?
3. Como valora a Xunta de Galicia a intención da empresa que ten a concesión para a explotación mineira de "Man de Moura" de iniciar a súa actividade?
4. En que situación administrativa se atopa a concesión mineira da canteira de granito de "Man de Moura"?
5. Existen algún estudo de impacto ambiental posterior ao do ano 1997?
6. En caso afirmativo, cal foron as conclusións do mesmo?
7. Considera a Xunta de Galicia que dado o tempo transcorrido dende a presentación do proxecto e a realización do estudo de impacto ambiental, é preciso facer unha revisión de ditos documentos?

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 06/04/2018 17:25:12

Raúl Fernández Fernández na data 06/04/2018 17:25:19

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/04/2018 17:25:25

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/04/2018 17:25:32

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/04/2018 17:25:38

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 15.05.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.4 29304(10/POC-004690)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia dos recursos destinados á I+D+i, a súa valoración en relación coa situación en que se atopa Galicia en relación cos indicadores fixados pola Comisión Europea, así como as súas razóns para deixar sen executar 215 millóns de euros na I+D+i no período 2009-2017

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018

Publicación da iniciativa, 297, 26.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 10:55
Nº Rexistro: 29304
Data envio: 12/04/2018 10:55:12.905

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal e Juan Merlo Lorenzo, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 6.ª**

A ciencia supón o elemento base do desenvolvemento económico de calquera territorio. Dela xorden os cambios disruptivos que promoven a apertura de novos paradigmas, creando novas empresas en base a novas tecnoloxías, postos de traballo de alta calidade, atracción de talento e investimento e xerando deste xeito unha maior competitividade do territorio.

O *Regional Innovation Scorerboard 2017* elaborado pola Comisión Europea,supón a principal fonte de análise dos respectivos sistemas rexionais de innovación. Tal estudo, divide as rexións NUTS2 da Unión Europea en catro categorías: *Innovation Leadears, Strong Innovators, Moderate Innovators e Modest Innovators*. Galicia situaríase no grupo terceiro, como un territorio innovador moderado.

Esta clasificación pon de manifesto moitas das deficiencias que presenta o nos sistema de I+D+i. Galicia estaría por riba da media europea en soamente dous indicadores: *educación universitaria e artigos científicos mais citados* e con respecto a España, situaríase por riba en tres: *educación universitaria, gasto en innovación que non é I+D e colaboración PEMES innovadoras*. Deste xeito, de 18 indicadores desenvolvidos polo informe, Galicia soamente destaca en dous deles con respecto a Europa e en tres con respecto ao conxunto do Estado.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 10:55
Nº Rexistro: 29304
Data envio: 12/04/2018 10:55:12.905

Recoñecendo o esforzo realizado neses campos, o resto pon de manifesto que o sistema rexional de innovación galego, carece de recursos suficientes para desenvolver un sistema que se aproxime á media española e atópase moi afastado dos recursos necesarios para aproximarse á media europea.

Segundo Eurostat, o gasto en I+D+I no ano 2015 situouse en 181 euros por habitante en Galicia e en 284 euros en España, mentres que a media da UE foi de 593 euros. Cando medimos o gasto en relación ao PIB, as diferenzas seguen sendo moi notables. O gasto en I+D+i sobre PIB sitúase en Galicia no ano 2015 no 0,89%, en España no 1,22% e na UE no 2,04%. Estes datos poñen de manifesto que o noso territorio atópase moi afastado dos obxectivos marcados na axenda de Lisboa.

Mais o grave problema non é soamente que haxa poucos recursos, senón que a situación agrávase cando tales escasos recursos non se empregan na súa totalidade. A execución orzamentaria do gasto en I+D+i para o conxunto do período 2009-2015 sitúase no 77%. o que implica que para o conxunto de ditos anos deixáronse sen executar mais de 195 millóns de euros. Unha cifra totalmente intolerable tendo en conta a dotación de tal partida e tendo en conta a situación de fuga de talento e de precariedade laboral na que están inmersos unha gran a maioría dos investigadores e investigadoras do noso territorio.

Pero aínda que no ano 2014-2015 da comezo unha fase alcista, a execución do gasto para os anos 2016 e 2017 segue a mesma lóxica que nos anteriores. A execución orzamentaria de tales programas segue sendo baixa. Para o ano 2016 o programa *561A Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica*, foi dotado cun fondo inicial de 57,3 millóns de euros, mentres que o gasto executado descendeu ata os 46,6 millóns, o que supón unha redución do 18,6%.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 10:55
Nº Rexistro: 29304
Data envio: 12/04/2018 10:55:12.905

Para o ano 2017, volve a acontecer o mesmo. O programa *561A Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica*, mantén uns recursos iniciais de 72,2 millóns de euros e execútanse 55,9 millóns de euros. Isto supón unha redución do 22,5%. Mais a isto haille que engadir que para o ano 2017 no programa *561B Investigación Universitaria*, acontece o mesmo fenómeno: duns recursos iniciais de 42,2 millóns de euros, execútanse 37,9 millóns, un 23% menos. Deste xeito, para os anos 2016 e 2017, deixáronse de executar mais de 20 millóns de euros.

Así pois, se temos en conta estes último anos, estariamos a indicar que para o período 2009-2017, deixáronse sen executar mais de 215 millóns de euros.

Ante os datos expostos anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.ª:

1. Considera o Goberno galego que o volume de recursos destinados a I+D+i son suficientes?
2. Como valora o Goberno galego que se atope por debaixo da media na gran maioría dos indicadores establecidos pola Comisión Europea a través do *Regional innovation Scoreboard 2017*?
3. Que opinión lle merece ao Goberno, que o gasto por habitante en I+D+i sexa un 69,4% inferior ao da media da Unión Europea?
4. Que opinión lle merece ao Goberno, que o gasto por habitante en I+D+i sexa un 36,2% inferior ao da media da Unión Europea?
5. A que é debido que a Xunta de Galicia deixara sen executar 215 millóns de euros en I+D+i?
6. Encontra lóxico o Goberno galego deixar de executar unha gran cantidade de recursos cando moitos investigadores e investigadoras teñen que emigrar a outros países pola falta de recursos e oportunidades?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 10:55
Nº Rexistro: 29304
Data envio: 12/04/2018 10:55:12.905

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Francisco Casal Vidal

Juan Merlo Lorenzo

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 12/04/2018 10:53:31

Francisco Casal Vidal na data 12/04/2018 10:53:44

Juan José Merlo Lorenzo na data 12/04/2018 10:53:58